



Unha humanidade única

A foto que fala

Cada 21 horas hai un feminicidio en Arxentina. A violación, tortura e asasinato de Lucía Pérez, de 16 anos, no Mar del Plata, paralizou ao país baixo a consigna "nin unha menos".



O trasno Toma nacionalismo!

Daniel López Muñoz



Seica non se debe chamar así, porque chamar co mesmo nome a cousas diferentes e mesmo contrarias, é confundir.

Pero como levamos unha mancha de anos de propaganda oficial contra os movementos nacionalistas da periferia do Estado, un martelleo continuo contra a idea mesma de nacionalidade periférica (mesmo da que nace para resistir, para sobrevivir na diversidade, para ter aire na globalización asfixiante), resulta agora ben curioso que as máis altas instancias xudiciais do Estado “condenen” a Cataluña a levantar o veto ás corridas de touros. E que se faga argumentando que é

unha “fiesta nacional” de interese cultural.

Esa decisión xudicial, como tantas outras “pensadas para Cataluña” (para darlle nos focinhos aos catalanistas, para sermos precisos), non ten xeito nin traza. É un disparate polo contido e polo momento.

Impoñer a “bondade” das touradas naqueles territorios onde repugnan é simplemente estúpido. Será tradición, xaora, como a caza do raposo ou tirar un carneiro do campanario. Tradicións si, pero infames, porque hai outras respectables, como a benquerencia franciscana polos animais, evitando torturalos, que son irmáns pequenos. Porque sen dúbida, de en

por si, as touradas son un divertimento a base do sufrimento gratuito, até a morte, dun animal precioso, nobre. “Que lástema de bois”, como dicía o paisano da viñeta de Castelao.

Pero, aínda máis, o máis grave está na oportunidade desta exaltación do espírito patrio da España profunda e casposa de mostacho, faria e mantilla. Esa cospedalización incesante das institucións, unhas institucións que deberían respectar, coidar e animar a diversidade nacional e cultural dun estado complexo, ese que a constitución do 78 albiscaba e que se empeñan en enterrar os uniformadores que, mentirosamente, din defendela.

Porque son infatigables. Sementan resentimento, e ceban de argumentos a máquina da secesión. Obxectivamente son os mellores aliados do separatismo e, se puidesen, meterían no currículo escolar de Cataluña e Galicia visitas de estudo ás corridas, para ver e cheirar o sangue, para sentir a respiración adoecida do animal, ou experimentar en directo unha cornada na femoral. Un espectáculo culto e moral, como se dixo sempre. E, agora, “nacional”?

Editorial Santiago Agrelo: aire limpo

Grazas mil temos que dar aos amigos e amigas de *Encrucillada* por darnos a oportunidade de escoitar a Mons. Agrelo, o bispo galego de Tánxer, no norte de África, con ocasión do seu recente Foro de Relixión e Cultura (ver crónica neste mesmo número), celebrado en Compostela.

Santiago Agrelo sabe a aire limpo e libre. E ese sabor é máis vivo e intenso cando temos a sensación de estarmos nun cuarto de atmosfera viciada, sen ventilación. O impulso “franciscano” (o do papa xesuíta Bergoglio) que vén de arriba, está, como era predicible, debidamente “moderado e traducido” polos intermediarios xerárquicos, que non actúan como transmisores, senón como barreiras. E non se respira, non se percibe.

Con Agrelo, franciscano por certo, é distinto. Ponse, desde dentro, na posición do refuxiado, da inmigrante. Fala deles con calma, como se o seu falar fose o traballo dun cesteiro que

Non podemos asumir a brutal insolidariedade europea co drama humano dos refuxiados

compón o seu relato con vimbios da vida na patera, ou no campo de Idomeni, e con frases das parábolas do evanxeo. Todo nunha peza, parábolas do aquí e agora, todo ben entretecido, facendo posible iso de que sen apostar pola vida das vítimas deste sistema non hai hoxe boa nova nin cousa que se lle pareza. Confirmando que ou ben se está incondicionalmente coa humanidade sufrinte ou ben se está nun sitio distinto e distante do que

inspira a utopía cristiá e os mellores soños da humanidade.

Non podemos asumir como lóxica nin natural a brutal insolidariedade europea co drama humano dos refuxiados e inmigrantes. Cómpre por todos os medios desmontar os argumentos neofascistas que se están inoculando na opinión pública, nos discursos políticos e nas institucións. E tamén nos medios, como fai o propio bispo Agrelo, coñecido por non quedar calado e denunciar publicamente a desvergonza e a liña ideolóxica que alimenta o discurso –sen dúbida afín a eses neofascismos europeos– da canle de televisión 13TV, propiedade dos bispos, en relación a temas clave como os inmigrantes ou a guerra. Unha mensaxe que, como escribía recentemente o propio Agrelo, nada ten que ver coa de Xesús de Nazaré.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

A varíola foi erradicada segundo a OMS no ano 1980. Polo visto ningunha outra enfermidade infecciosa volveu ser erradicada. Pero seica estamos en camiño de erradicar a segunda, a enfermidade de Pian. Esta enfermidade ten coma consecuencia a deformación dos ósos e chagas na pel, especialmente na cara. É unha enfermidade que ataca especialmente aos cativos pequenos. Coma calquera destas enfermidades é unha enfermidade de pobres. Aínda

está presente en Papúa-Nova Guinea (nunha das súas illas) e algunhas pequenas rexións de África.

Para curala só é preciso unha sinxela dose de Acitromicina (hai anos era preciso un laborioso tratamento de penicilina). Agora tomando unha sinxela dose de 30 mg./kg. o/a enfermo/a está curado. A verdade é que a enfermidade nos últimos anos está remitindo.

Cóntase que para o ano que vén xa estea erradicada. E

todo isto grazas a un médico catalán chamado Oriol Mitjá, de 36 anos. Rematada a carreira e a súa tese de doutoramento foi facer o seu labor en Nova-Guinea onde atopou esta enfermidade descoñecida para el. Comezou loitar contra ela, atopou o remedio e agora loita teimudamente para que chegue a toda a poboación. Hai xente boa de nome descoñecido que son motivo de esperanza.

1



3



2



4



A peneira

1

O racismo e violencia estrutural inza nos **EUA**, onde o 1% posúe o 25% da riqueza: Na primeira potencia hai 40 millóns de persoas sen asistencia sanitaria, 30 millóns de analfabetos e 35 millóns de pobres. A policía matou máis de 130 afroamericanos no 2016, e a xustiza encadeou 500 de cada 100.000 residentes, o 40% afroamericanos de 20/30 anos.

2

A **ONU** obriga ao Acordo sobre o cambio climático dende o 4, cando o xeo do verán no Ártico pode desaparecer. Sería mortal para un planeta necesitado da súa refrixeración, porque aínda que só o cobre un 6%, regula a temperatura e a salinidade dos océanos. Ao baixar a salinidade, extingue a ameixa babosa nas nosas praias.

3

EVARISTO Lorenzo Orol segue con nós porque axudou a construírnos na dignidade e forma parte de nós para sempre. Alumeou as comunidades de veciños de Xove na defensa ecolóxica da comarca na instalación de Alúmina, e liderou a loita pola xustiza no mundo obreiro de Ferrolterra, A súa luz prendeu en nosoutros e non esmorece.

4

Rematando a **VENDIMA**, catro das principais adegas da Ribeira Sacra aumentan viñedos e instalacións pola demanda exportadora (o 20% nas denominacións de orixe), aínda que a colleita reduciuse un 15%. Pero os socialcos desta paisaxe están ameazados pola posible construción da autovía A-76 (64 viadutos e outras obras).

Economía A música, o cine e a cultura bucaneira

Pedro Pedrouzo Devesa



Unha sociedade que non é quen de pagar a súa cultura, acaba, no mellor dos casos, consumindo a cultura que deciden outros

Nos últimos dez anos a industria cultural tivo que repensarse. Internet rompeu o monopolio que exercían as grandes empresas sobre unha boa parte da cultura musical e cinematográfica, impondo prezos abusivos aos que non sabemos vivir sen estas.

Internet obrigou a que os prezos da música fosen máis acordes co custo real do soporte no que se vendía (CD, DVD,...). A piratería converteuse en bucaneira e obrigou

os monopolistas a repensar o seu negocio. Os prezos baixaron, as edicións cuidáronse máis, e melloraron. A música volveu reinar no seu espazo natural, o vivo, deixando nun segundo lugar o mercado dixital que axudara a ocultar a esencia da música, que é o directo. A pregunta que me fago é se seguimos dispostos a pagar por ver e escoitar música en directo.

Son centos os festivais nos que reina a música, e o gasto privado da música en directo non debe andar moi lonxe do gasto público, un síntoma de boa saúde civil. E digo isto porque a música é un

eido no que o gasto público non sempre atina, e esta afirmación é ampliable ao mundo cultural, no que o xestor público se despista con frecuencia. E se esta verdade ten matices no mundo da música (festivais coma o do Corpus en Lugo ou o extinto Via Stellae en Santiago son ou eran imposibles sen apoio institucional), no mundo do libro é unha verdade ampliada. En todos os anos de existencia editorial, as administracións públicas non foron quen de competir en acerto editorial con moitas das editoriais galegas privadas como Xerais, Galaxia ou Kalandraka. E se calculamos o custo dalgún dos catálogos editoriais dalgunha deputación provincial, a evidencia achéganos á depresión, ou cando menos, ao desanimoso mundo das oportunidades perdidas.

As editoriais e os compañías discográficas están máis próximas á calidade e aos gustos da xente que os propios xestores públicos, máis inclinados a valorar outros aspectos no gasto cultural cando o producen. Ben é certo que cando promoven concertos nos traen moita música que sería imposible escoitar se non fose por eles. Pero ese efecto riqueza ten o inconveniente de crear demasiado parasitismo cultural. A cultura non pode sobrevivir sen o gasto privado.

Unha sociedade que non é quen de pagar a súa cultura, acaba, no mellor dos casos, consumindo a cultura que deciden outros, cando non simplemente impermeabilizándose a todo o que nos fai máis humanos porque nos descubre o material do que estamos creados: os soños.



O peto común

Leo a sección de cultura dun xornal galego: "Justin Bieber actuará en Belmonte del Tajo"; "Bob Dylan nobel de literatura" outros titulares sobre Depeche Mode e o grande Leonard Cohen. Vai de cantantes e cantores. Reviso por se me trabuquei de xornal, pero non: Galicia, cultura.

Na tardiña anterior, no rebelde e resistente poboado da Silva, na Coruña, baixo unha mansa e fecunda chuvia, case un cento de persoas rendía homenaxe a Pucho Boedo, preto da casa onde viviu de neno. Manolo Rivas deitou versos que se confundiron co orballo nunha fermosa ladaíña popular e laica. Xurxo Souto e as veciñas da Silva entoaron *repichocas* de saudade e festa. Soaron as gaitas e pandeiras nas mans dos Viqueiras e Sito Sedes entoou a pelo o "Adeus ríos, adeus fontes" coma un salmo evocador da voz de Pucho.

O diario galego que opina na Coruña non soubo deste encontro, tampouco que en Sada na mesma noite, facían homenaxe a Ramón Suárez Picallo no su 52º cabodano. Mal imos cando Justin Bieber abre as seccións de cultura dos xornais galegos.

Tampouco souberon nin gozaron dos parteiros versos de Rivas, como dixo John Balan: "eles o perden!"



**No teu canto,
o amor venceu a morte,
a lingua foi chorima,
e latexou o corazón da noite,
Pucho Boedo,
o neno da Silva,
a estrela do pobo,
Mentres ti cantes
vivirá Galicia
a esperanza incesante.**

Pucho Boedo. Gaiteiro!

O CARRABOXO por ROBE LOIS



Encrucillada Tiven que refuxiarme e acolléstesme

Santiago González Avión
(Asoc. Encrucillada)

XXXI Foro de Encrucillada

“Onde podemos ir os pobres?” Preguntaba a berros un home desesperado polos bombardeos, a fame e a morte diarias. A súa aldea está completamente destruída e “non hai entre nós nin sequera un home armado”, pero seguen caendo bombas, segue sen chegar a asistencia humanitaria, as persoas que procuraran con desesperación un medio de vida son confundidas con ‘terroristas’ e masacradas...

A escena aparece nun vídeo que comparte Alfonso Mascuñana durante a mesa redonda da tarde: é o desafío ético ao que pretende responder o XXXI Foro de Encrucillada, celebrado no CERSIA, en Santiago de Compostela, o pasado 22 de outubro, coa presenza de monseñor Santiago Agrelo, bispo de Tánxer e de activistas a prol da paz, da convivencia e dos dereitos humanos, así como membros de diferentes relixións unidas nunha oración unánime pola paz.



Foto: Xaime Cortizo

Abriu o Foro a presentación de Elvira Santos que centrou a problemática do refuxio e do asilo como unha constante na nosa sociedade, pero que se ve agravada na actualidade pola incapacidade de Europa para responder aos múltiples conflitos que afectan á súa contorna xeopolítica e, nomeadamente, ao conflito sirio que deu orixe a esa situación inhumana que demos en chamar “crise dos refuxiados” e que está a converter o Mediterráneo nunha tumba colectiva, nunha enorme foxa común na que preferimos non reparar.

recrean a realidade da inmigración e do refuxio desde unha ideoloxía que oculta as persoas, os seus sonhos, os seus sufrimentos e, por que non, os seus dereitos, para devolvernos –desenfocados– ilegais, posibles terroristas, amotinados, posibles violadores, parasitos dos nosos sistemas de protección social. Así se ocultan feitos básicos na actual configuración do mundo, como que o noso benestar, os nosos dereitos, proceden do seu malestar, do seu espolio, da negación dos seus dereitos. Que a súa miseria está causada pola nosa opulencia. Ou tamén que as guerras das que foxen sempre prexudican a poboación civil e sempre benefician os fabricantes de armas, instalados nos países que non queren refuxiados.

A súa proposta está centrada en aprender a ouvir a humanidade sufrinte para poder ver a realidade desde a proximidade e así poder acoller o ‘outro’ como o que é, persoa e irmán. Para el, na acollida aos inmigrantes e refuxiados está en xogo a nosa humanidade ao propio tempo que a nosa condición de seguidores de Xesús. Porque igual que no xuízo do rei da parábola, moitos dos que se

A incapacidade europea para responder os conflitos, agrava a situación

Ver para acoller

Monseñor Santiago Agrelo axudounos a reflexionar sobre a dinámica social e sobre a súa implicación para a espiritualidade e para o compromiso ético, cívico e político cun relatorio titulado “Ver para acoller”. Nel foi debullando a forma na que os gobernos e os medios de comunicación (tamén os da Igrexa)

din cristiáns, negan a Deus e néganse a velo na humanidade que sofre.

A denuncia de Cristina Gortázar

Non puido acompañarnos no Foro Cristina Gortázar Rotaecche, experta en dereito internacional, nomeadamente en Dereito da Unión Europea. Unha avaría no avión que debía traela de Bruxelas, impediunos gozar da súa presenza. Cristina converteuse nunha das voces máis autorizadas no ámbito internacional ao denun-

A mesa redonda sobre Redes de Acollida que coordinou e moderou Miguel Fernández Blanco, do Foro Galego da inmigración, resultou a un tempo conmovedora e esclarecedora. Conmovedora porque puxo de manifesto, en primeira persoa, o sufrimento da xente e a necesidade de soñar e de traballar por unha solución pacífica e xusta; esclarecedora porque botou luz sobre lugares comúns arredor da inmigración, do conflito de Siria e da mal chamada crise dos refuxiados. Alfonso Mascuñana, activista social

A mesa redonda puxo de manifesto, en primeira persoa, o sufrimento e a necesidade de solucións

ciar o incumprimento da legalidade por parte da Unión Europea e dos seus Estados membros. A pesar da ausencia, Pedro Castelao fixo de voceiro das súas reflexións, mediante a lectura dun texto seu, anterior no tempo, en que aclaraba a legalidade internacional respecto dos refuxiados, unha entrevista publicada por *el-diario.com* e a proxección dun vídeo deste mesmo xornal no que Cristina responde en cinco minutos as principais cuestións sobre o acordo de devolución a Turquía de inmigrantes e refuxiados. Turquía só admite baixo o estatuto de persoas refuxiadas as de procedencia europea, polo que non pode ser declarado baixo ningún pretexto legal como terceiro país seguro, o que invalida o acordo coa Unión Europea.

Memorial e mesa redonda

A tarde comezou con vídeos nos que se realizaba un memorial da vida de Agustín Fernández Paz, Asun Louzán Tomé, Xosé Alvilares Moure, Pepe Chao Rego e de Xaquín Gómez Barros. Están dispoñibles en Vimeo Barros. Están dispoñibles en Vimeo e, en breve, na web de Encrucillada.

galego voluntario en Lesbos, Nour Al hussen, politóloga galego-siria de Raca e Chech, Fattu, e Diambe, senegaleses da Asociación África Universal de A Coruña transmitiron as súas vivencias e os seus afáns. E deron algunhas pistas sobre os camiños de compromiso e de transformación que son accesibles para todos nós.

Momento da oración

Á par da acción chegou a oración cunha celebración interrelixiosa que nos axudou a poñer a realidade sufrinte da inmigración e o refuxio nas mans agarimosas do Misterio que nos envolve e nos sostén. Acompañáronnos as oracións de María José Calviño Ferreiro, galega que segue o camiño budista na súa versión tibetana, unha pregaría do Rabí Nahmán de Breslau, a oración composta para a ocasión por monseñor Santiago Agrelo Martínez, a pregaría musulmá de M. Refaat Shalaby que leu Diambe, un dos senegaleses presente na mesa redonda e a participación baha'i que consistiu nun recitado en parsi do iraniano Behnan Latifi que logo cantou en galego Belén Sánchez Otero. Tonhito de Poi puxo o fondo musical para rematarmos o XXXI Foro Encrucillada cantando *Como un irmán che falo*.

Este foi o primeiro ano que gravamos o Foro en vídeo, coa intención de colgar na rede os contidos máis salientables. Pronto estarán os enlaces para acceder aos contidos na nosa web: www.encrucillada.gal



A folla de outono

Toleaba co vento. Non a deixaba parar. Vira de aquí, vira de alí. Arriba, abaixo. Respiraba un chisquiño e logo volvía a mareala. Era un caso. Mesmo semellaba que o facía adrede. O vento reviraba sobre si e conseguía que a folla de carballo revirara ó xeito que el quería.

Eu estaba sentado no banco da esquina da praza. Aínda que só, sentíame acompañado e entretido coa folla. Os seus inesperados e acrobáticos movementos levaban as miñas cavilacións. Por veces enfadábame co vento porque arrebolaba a folla contra a parede, de onde despois a deixaba caer mansiñamente.

-Vento toleirán, deixa a folla en paz! –dícialle encabuxado-. Como che gusta abusar do débil e pequeno!

Pero nin caso. Seguía a marear a folla coma se fose un bedo desatinado.

Era unha folla seca, de outono, revellida, caída do carballo sazón. Chegáralle o tempo. Non tiña peso. Non era folla de primavera. Estaba deslucida. Coa cor de vella. Por iso o vento se ría dela. Cando estaba na rama do carballo, formando familia coas compañeiras, o vento asubiáballes na cara, pero ríanse del. Agora tocáballe a ela pandar, servir de mofa.

-Pobre folla! –pensaba eu-. Ese toleirán non che deixa acougar nin un minuto. Vas acabar rebentada na procura de sitio onde podres en paz. No teu caso a morte si que vai ser un descanso.

Xa case me empezaba a marear con tantas idas e vidas, subidas e baixadas, voltas e reviravoltas. Sentía pena dela. O meu espírito, sen querer, levábame a reproducir en min os sentimentos que adiviñaba na folla. Algunha vez púñase a carón miña como pedindo auxilio. Pero nunha destas, poida que no derradeiro arrebatado de xenio, a folla quitou forzas de non sei onde e tirouse nunha pequena poceira. O vento toleirán foi por ela; pero, por máis voltas que lle deu, non foi quen a quitara de alí. Estaba morta. Afogara. Descansaba.

Erguinme axudado do caxato por mor dunha torcedura. Achegueime cabo dela. Dei fe de que descansaba. Respirei aliviado.

Fun indo cara á casa na compañía das miñas cavilacións. Ao chegar, sae o neto a recibirme e dime todo asustado que atoparan guindado na cabana ao Antón de Fina.

-Descanse en paz! –dixen moi sereno-. E revivín longas conversas con el. Téñolle escoitado que, ao chegar o outono, non atopaba sitio para el na casa. Sentíase un estorbo.

Vaia por Deus! O descanso foino atopar á cabana onde durmía a sesta cando novo.

Pobres follas de outono!

O meu espírito
levábame a reproducir
en min os sentimentos
que adiviñaba na folla

O repenso

Ramón Díaz Raña

Ler para camiñar 'De remate', Héctor Cajaraville

Juan Antonio Pinto Antón

Na biblioteca pública descubres cousas interesantes de Xabier Quiroga, de Z. Bauman, P. Deville, Riveiro Coello, de Fernando Vallejo. Nas mans *El hambre*, de M. Caparrós. Máis que libro éche unha enciclopedia da fame. Lese como unha novela pero cada folla morde por dentro. Tes que ler, din, *La gran brecha* de J. Stiglitz, economista de rostro humano. Da recompilación de artigos do nobel algo quedará. A fin de contas, se a economía non axuda ás persoas, para que serve?

Libros e máis libros. Exercendo os imprescritibles dereitos do lector de D. Pennac: ler ou non ler, o que queiras e cando apeteza, saltar follas, volver atrás, reler ou deixar de ler.

O tempo bole costa abaixo e hai que ir polos vieiros dos que leron antes. Dos que saben máis. E de cando en vez, escoller libros ó chou. Ás veces descubres tesourinhos escondidos, xoias que non están baixo os focos da mercadotecnia. Como o libro de Héctor Cajaraville, *De remate*, unha novela así de singular, así de boa. Mestura

de artigos de opinión, correos cruzados, anotacións no diario. E tanta vida, tinguida de humor e drama, detrás do protagonista. Pero quen é este Cajaraville? Xornalista, corrector de textos, autor dun dicionario. E dunha novela, esta, a primeira. A primeira? Manda truco! Así de interesante, tan ben escrita, cunha arquitectura tan intelixente.

Artigo a artigo, texto a texto vai, vas tecendo a trama con fíos de retranca, de sorrisos. Un fino labor de taracea cheo de frescura. Cando chegas ao final descubres, como no espello, esta Galicia que nos habita: ese modo de vivir, esa maneira de falar, ese xeito de ocupar o territorio agora desvertebrado, desocupado de xente.

E como nos crebacabezas, négaste a colocar a última peza porque non queres rematalo, porque queres rematalo, porque este libro é así de divertido, retranqueiro, cunha linguaxe tan fermosa. E hai que bebelo a grolifios. Ata rematar *De remate*. De Héctor Cajaraville.



IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envía-lo a Apartado 296 - 15704-Santiago de Compostela, ou escribenos a irimia@wanadoo.es ou subscripciones@asociacion-irimia.org

NOME: APELLIDOS:
ENDEREZO:
CÓD. POSTAL: CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA:
TELÉFONO CORREO ELECTRÓNICO

QUERO SER SOCIA/-O: 3 €
QUERO SUBSCRIBIRME: Ordinaria: 30 €
De apoio: 45 € Subscrición anual (22 números)
60 €

QUERO SER 60x100:

DOMICILIACIÓN

BANCO OU CAIXA E AFORROS:
DOMICILIO DO BANCO: CÓD. POSTAL:
CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA: TITULAR DA CONTA:
Nº de CONTA: _ _ _ / _ _ _ / _ _ _

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En a de de 201__.

Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822

IRIMIA

Xente d'eiquí

Marta Sopena

Edelmira Vidal, a graza e o orgullo de ser de aldea



Edelmira vive en Xuño, parroquia do Porto do Son que fixo un lugar na xeografía do mundo a partir da reivindicación de Ramón Sampedro, que reclamaba o dereito á eutanasia. Cando Amenábar contou a historia de Ramón en Mar adentro, algunhas das paisaxes locais quedaron inmortalizadas. Esas mesmas imaxes, e outras moitas, están tamén inmortalizadas na retina de Edelmira, veciña de Ramón e da parroquia. De intelixencia curiosa e esperta, compañeira coa súa veciñanza, amante dos contos e das historias, concedeunos o favor de nos amosar algún relanzo do que foi e está a ser a súa andaina.

E logo ti de quen vés sendo?

Eu veño sendo filla de Manuel Vidal Romero, nacido en Caamaño e de Manuela Sampedro Patiño, nacida en Sieira, Xuño. Meu pai era carpinteiro e músico. Tocaba a caixa. Miña nai andaba a vender gas carburo polas portas da parroquia. Fomos cinco irmás, todas mulleres. Eramos pobres e tivemos que ir traballar dende novas.

Cando eu era pequena preguntáballe á miña nai: "Mamá, como de grande é o mundo?"

E como era a escola daqueles tempos?

Comecei indo con sete anos a unha casa onda unha mestra, Dona Presenta, poñía clases. Viñamos ser entre 12 e 20 rapazas. Os rapaces ían xunto dun mestre. Daquela eramos máis mulleres ca homes. Achegábame á escola cando podía, porque tiña que

facer outros traballos: ir lavar ao río, carrexar auga da fonte, porque non tiñamos traída, e ir buscar herba para unha vaca que había na casa. Fun á escola ata os 11 anos. Lembro que había o Raia 1ª, Raia 2ª e Raia 3ª. Despois viña o Manuscrito Segundo e finalmente Europa, que era o máximo nivel. Eu quedei no Raia 3ª para ir traballar.

E para andar mundo...

Cando eu era pequena preguntáballe á miña nai: "Mamá, como de grande é o mundo?" Ela dicíame: "O mundo chega á raia do mar e ao alto do monte". Eu coidaba que o mundo non ía máis aló de Penella. Logo, cando fun plantar pinos, pensei que chegaba ata a Curota e Os Forcados. Logo, os traballos déronme a saber que o mundo era bastante máis grande do que eu matinaba.

E que traballos foron sendo eses?

Entre os doce e catorce fun cavar ao monte, plantar pinos, e a partir daquela entrei a traballar na fábrica do peixe. Tiñamos que descabezar as sardiñas, mételas en parrillas, no túnel, para cocer. As mulleres máis maiores eran as que empacaban nas latas. Ao tempo andaba no monte plantando pinos, eucaliptos e abrindo pistas. Así foi, ata que casei con 22 anos. Despois adiqueime aos traballos da casa e a atender ás fincas de millo, trigo, centeo, avea, patacas e maila horta; tamén unha vaca, porcós e galiñas. Todo para consumo da casa.

Máis tarde tiven que axudar á miña filla co coidado das netas para que ela puidese ir traballar na conserva. Acompañeinas a moitas actividades e excursións do colexio e da ANPA. Durante varios anos atendín dúas tías maiores. Por tempadas tamén andei nun restaurante, por veces na cocíña, por veces na barra, por veces nas dúas cousas.

E cando chegaba a fin de semana, que facías?

Eu son curmá de Ramón Sampedro, e desde el tivo o accidente, todos os domingos iamos visítalo a el e máis a miña nai. Heiche contar unha anécdota de Ramón. El quería que lle contara contos, e un día díxome: "Cóntame algún conto, Edelmira?" Eu



díxenlle “Ai, Ramón, sonche dos verdes”. O pillabán respondeume: “Pois deses, Edelmira, mellor deses”. E cando me dei de conta xa me estaba a gravar nunha cinta. Canto me gustaría recuperala!!!

Dánseche moi ben os contos. Onde aprendiches?

Eses contos e historias seinos porque antes, cando non había luz, sentabamos na lareira, co candil do gas, e aprendíaos da boca dos que os ían contando. Tamén aprendín dos que comprabamos nas feiras á peseta, patacón ou a tres chicas; e así funos memorizando.

E nunca che deu por escribir unhas letras?

Algo fixen... e fago. Mira aquí teño esta libreta, onde fixen un escrito sobre Penella, a aldea onde nacín.

participo nas festas , mesmo teño actuado contando contos

Déixasmo poñer na entrevista?

Deixo, home, deixo.

E a que te dedicas agora que vés de cumprir os setenta?

A atender a casa. Fago de comer para seis persoas da familia. Coido a horta e *acomero* as galiñas e o porco. Tamén vou facer outras actividades xunto con outros veciños da parroquia: ximnasia, taller da memoria, baile... e acudo a cantas convocatorias, falas e cursos se propoñen. Colaboro no que podoo coas iniciativas da parroquia. O último foi axudar a recadar cartos para a restauración dun retablo medieval que temos na igrexa. Tamén participo nas festas , mesmo teño actuado contando contos. Algunhas tardes xuntámonos na casa de Charo e facémoslle compañía a Juanciño, que está enfermo. Bota-



mos unhas partidas de cartas onde hai que contar moi rápido e falamos do que acontece.

Que é o que che preocupa dos tempos de agora?

A economía, que podería estar mellor. Os soldos e as pensións parece que soamente son para os gobernantes. Gustaríame que a mocidade e as miñas netas tivesen un futuro bo, porque mal o vexo tal e como están as cousas.

Que é o que máis aprecias do lugar no que vives?

Gústame vivir no medio da natureza. Cando era rapaza ía co meu pai ás pedras na praia, a coller ourizos, mexillón, percebe... Os homes ían ao polbo e aos congros. Agora non hai e ademais non deixan coller nada para facer unha caldeirada.

Pero..., podes facer os teus licores...

Por suposto. Fágoos de amoras, noces, abelás, café, herba luísa, ruda, es-

trugas...e moitos outros. Entran moi ben se van na compañía dos contos.

Penella, doce Penella,
aldea onde nacín.

Vivín tan pouquiño nela

e é o que máis vive en min.

Cando me maltrae a sorte
logro un alento sen fin,
son os recordos da aldea
que tan doces sentín.

Aquelas tantas delicias,
aqueles meigos cantares.
Cantos desbordamentos e risas
sinto aínda dos seu lares.

Por Penella, tan pequena,
mórrome de soidades
O mundo, con ser tan grande,
non pon remedio aos meus males.

Camiños da miña aldea,
tempo hai que xa os deixei.
Bágoas non hai nos meus ollos
de tanto que os chorei.



O noso taboleiro

Benquerida/s amiga/s

As amigas de Exeria, as Mulleres Cristiás Galegas estamos de en hora boa!

Neste ano 2016 cumprimos 20 anos de vida como Asociación, e queremos celebrar como se merece!

O próximo sábado, 5 de novembro, no local do Cersia, na Rúa San Lázaro, á beira da ruta xacobeá que une Santiago con Europa, ímonos xuntar todas as amigas de Exeria cunha xornada de reflexión e festa.

Empezaremos ás 10:00 coa inscrición e benvinda.

Ás 10:30 falaremos con Adelaide Baracco i Colombo, doutora en teoloxía especializada en mística e membra da Asociación de Teólogas de España, ATE, sobre a situación das mulleres na Igrexa desde unha perspectiva feminista.

Ás 12:30, logo dun pequeno descanso, a escritora Susana Sánchez Aríns, da ONG Implicadas no Desenvolvemento, faranos pensar sobre feminismo e activismo social hoxe: reflexión, acción e colaboración.

Xantaremos nos restaurantes que hai nos arredores para retomar a actividade ás 16:30 cunha celebración da vida da nosa asociación, Mulleres Cristiás Galegas Exeria.

Remataremos cunha festa con baile e pandeiretas que chegará ata as 19h.

Queremos que nos acompañes neste día, tan significativo para nós, e nos axudes a soprar as candeas da nosa torta de aniversario. Convida tamén ás túas amigas, e traede a pandeireta e moitas ganas de festa.

Esperámosvos a todas!!

Bicos e apertas

Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria

VÉS SOPRAR ESTAS CANDEAS CON NÓS??

MULLERES CRISTIÁS GALEGAS - EXERIA
CELEBRAMOS O NOSO 20 ANIVERSARIO

Pola mañá afondaremos nos Feminismos con
Susana Sánchez Aríns

(Implicadas no Desenvolvemento)

e na Teoloxía Feminista con

Adelaide Baracco i Colombo

(Asoc. de Teólogas ATE)

Pola tarde haberá celebración e festa.



Sábado, 5 de novembro, de 10:30 a 19:00
Cersia (San Lázaro) Santiago



EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripción@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas


DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



Non sei que pasará despois da morte. Fíome de quen proclamou que non podemos morrer. A Vida que somos non ten morte.

Antes preocúpame, alármame e éncheme de rabia a pregunta saducea "De quen vai ser a muller...?". Non podo evitar a ollada pingando que deita do eco desta frase asasina, despois de tantos séculos.

A miña, a nosa resurrección ten que ser nesta vida, cando por fin esa metade de humanidade deixe de crer que unha muller ten que pertencer a alguén.

A propiedade podreceu as nosas sociedades, mais a propiedade de xente está a acabar co que nos queda de humanidade... tanto ten que non se teñan escrituras. Se alguén se pode permitir dicirme a que hora saír, onde podo e non podo ir, o que podo ou non dicir ou celebrar, alguén está a comportarse como propietario.

Se alguén cre que podo servir mil mesas de bar ou de hospital pero non podo nin tocar un altar mais que para limpalo, se cre que ten dereito a negarme o pan, está a comportarse como propietario, de min, do altar e de Deus.

A humanidade dunha perna soa, un brazo so, medio corazón, media cabeza, pouco estómago e sen útero nin ovarios, medio cega e moi xorda, que so sabe producir morte e dor, inxustiza perenne.

E hoxe, meu Deus, xa non temos onde agocharnos nin onde fuxir das imaxes da destrución, da realidade procreada pola nosa especie esnaquizada e esnaquizadora da vida, que usa a súa única man para mover a máquina da guerra e da fame.

Eu pregunto, rabinciño querido, cando chegue a vida futura... quedará voz nas mulleres? quedarannos bagoas para chorar ou leite que alimente??

Como será esa vida futura se a fan sen nós? Como sobrevivir a ela?

Deus das vivas, baixa por nós, chora connosco polos nosos filliños e filliñas que son túas e mais de ningún.

Christina

DOMINGO 6 DE NOVEMBRO. XXXII DO TEMPO ORDINARIO

A PALABRA. Lc 20, 27-38

Naquel tempo chegaron algúns saduceos –eses que negan que haxa resurrección– e preguntáronlle: «Mestre, Moisés deixou escrito: Se lle morre a alguén o seu irmán sen deixar fillos, que case coa viúva de seu irmán, para lle dar descendencia. Pois dunha vez había sete irmáns. O primeiro casou, e morreu sen fillos. Despois casou con ela o segundo; e logo o terceiro; e así os sete foron casando coa viúva, morrendo tamén sen deixar fillos. Ao cabo, morreu tamén a muller. Ora, cando resuciten, de cal deles vai ser a muller, se estivo casada cos sete?» Xesús contestoulles: «Neste mundo os homes e mais as mulleres casan entre eles. Mais os que sexan dignos da vida futura e da resurrección de entre os mortos, non casarán nin eles nin elas, pois non poden morrer. Son coma anxos, e son fillos de Deus por naceren na resurrección. E que resucitan os mortos, ben o deixou indicado Moisés, cando dixo do Señor, no episodio da silveira: O Deus de Abraham, o Deus de Isaac e o Deus de Xacob. E Deus non é un Deus de mortos, senón de vivos, para El todos están vivos.»

Entender a resurrección non é fácil, pero resulta aberrante ese simplismo de entendela como volver a unha vida como a de agora, pero mellor. Os saduceos non crían na resurrección porque para eles a vida era xa un chollo: como podía ser mellor? Xa vivían "como Dios". E na súa cegueira trascendente aínda discuten que vai pasar coas posesións compartidas despois de mortos. Están nas antípodas de Deus!!

Ven como un problema na outra vida o goce da única cousa que foron quen de compartir en vida: a muller que vai casando cos diferentes irmáns (Vaia!! Para eles o único xeito de compartir algo parece ser a obriga que lles impón a lei do levirato!!) E falan da muller como quen fala dunha vaca ou unha leira. Nas antípodas de Deus por completo!!

Desde logo, de compartir non teñen nin idea!! Móvense na liña do ter (mulleres, cartos, poder...) como aquel rei Midas que convertía en cousa todo o que tocaba (de ouro, si, pero cousa!). Na súa mente dominadora non ten cabida a vida, pois viven facendo de todo unha propiedade. E Deus non é un deus de mortos, senón de vivos. Non é un deus de cousas, senón de persoas. Non é un Deus de dominio, senón de servizo. Non é un Deus que amarra, senón un Deus que libera.

E se non o cren, que llo pregunten a Moisés, que de vida, persoas, servizo e liberación aínda sabía un pouco!!

Marisa de Corme


A PALABRA

A CLAVE

OEEO

Falando da lingua Non hai coma saír da casa...

Lidia e Valentina



Sabe que rabea!!!

Deixámosvos o conto da nosa viaxe por Cataluña sen rematar. A viaxe só era o marco para falar de lingua (o texto como pretexto...), que é o que nos encargan neste espazo. Daquela acordamos darvos conta da sociolingüística de orella, ou de silveira, que fixemos durante este mes de agosto. Quedáramos no que nos pasara en Palamós (Girona), lembrades? Pois seguimos... O caso é que na peixería todo estaba marcado en catalán, unicamente en catalán. E pasounos un episodio que, se sucede aquí en Galicia, sae desde nas cartas ao director de *La Voz de Galicia*, ao telexornal

da TVG e, se cadra, mesmo veñen os de Antena 3 facer unha reportaxe... Un dos rótulos estaba onda o peixe que non era; daquela, produciuse unha confusión ao pedirmos *Lluç* e ver que nos daban *pescada*, cando o cartaz estaba ao lado da robaliza... Sinalamos co dedo que o que queríamos era o peixe aquel que estaba debaixo do letreiro “Lluç” e resulta que ese se chamaba “llubalo”; aclarounos a peixeira, e fin da confusión... Debían levar ben tempo coa cartelería en catalán e todo indicaba que ían seguir, a pesar de que algúns clientes non entendésemos de todo... Que

conste que non eramos as únicas de fóra, que, polo acento, ben se distinguía a xente doutros lados, de fóra de Cataluña e de máis de fóra.

E da nosa estancia por estas terras soleadas, aproveitamos para comentarvos as curiosidades que descubrimos arredor da orixe e o significado de “brava” en “Costa brava”. Cando viñeramos hai anos, a primeira vez, e ventaba tanto, pensamos que o de “brava” se asociaría a ventosa. Desta volta, volvemos ter vento e botamos man do *google* (xa sabedes, o pai da sabedoría actual); descubrimos que era a denominación que lle daban os mariñeiros por ser unha costa abrupta e rochosa cunha paisaxe escarpada e agreste... Entendemos que é comparando co resto da costa deles, claro..., non coa nosa Costa da Morte. Pero tamén nos chegou unha teoría de que é unha mala pronuncia de “blava”; o feminino de “blau” (azul). Seica sería “costa azul” como alongamento da francesa... Non conseguimos expertos que nos aclararan este punto. Se hai algún que nos poida achegar máis luz sobre o asunto, sempre o habemos agradecer.

O Fachineiro da lingua

O futuro xa non é o que era

O último número da *Revista Galega de Educación* é un monográfico sobre a lingua na educación infantil -obviamente, o futuro da nosa fala. E os datos non poden ser máis ferintes. Os nenos e nenas entre 5 e 14 anos que son monolingües en galego -ou falan sobre todo en galego- descenderon dun 40% a un 25% en só unha década. Estas cifras arrepiantes pasaron bastante desapercibidas polo medios. Trátase dunha indiferenza que casa moi ben co trato que lle damos aos montes, aos ríos, ao patrimonio, á cultura... Esta situación vese afortalada pola artillaría do goberno galego (alguén se acorda da eliminación das liñas de



galego en educación infantil?) e os prexuizos contra a lingua están tan vivos coma nunca. Os que queren ver desaparecer o a lingua non teñen que esforzarse: só teñen que agardar tranquilamente que vaia pasando o tempo. Por iso son tan urxentes medidas imaxinativas e positivas. É o caso de LGx15, unha xornada de ideas, propostas e reflexións -organizada pola CTNL- para influír no futuro do galego. A deste ano vai ser a segunda edición e celebrarase o próximo día 24 na sala Capitol de Santiago. Hai que ir.

A.Q.